



... Ordenanzas y Reglamentos

Nueva Búsqueda

Moeche - ORDENANZA FISCAL Nº 5, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RECOLLIDA E TRATAMIENTO DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

Publicación provisional : 10-02-2000 BOP Nº 33 -- Publicación definitiva : 10-02-2000 BOP Nº 33

Redacción Aplicable desde 01-01-2012

Redacciones

- Artigo 1.- Fundamento e natureza.
- Artigo 2.- Feito imponible.
- Artigo 30.- Suxento pasivo.
- Artigo 4.º .-Base de gravame e tarifas.
- Artigo 5º.- Período impositivo.
- Artigo 6º.- Administración e cobranza.
- Artigo 7.-Infraccións e sancións.
- Disposición final.

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servicio de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as normas desta ordenanza ó previsto no artigo 58 da citada lei 39/1988.

Artigo 2.- Feito imponible.

1) Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servicio, de recepción obrigatoria, de recollida de lixo domiciliaria e residuos sólidos urbanos de vivendas aloxamentos e locais onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servicios. O servicio poderá prestarse por xestión directa ou indirecta.

2) A obriga de contribuír existe dende o momento que se preste o servicio na zona na que se sitúa a vivenda ou establecemento, entendéndose que está establecido o servizo cando o itinerario do mesmo pasa a unha distancia non superior a cien metros do local.

Presúmese a utilización do servizo cando existe posibilidade de habita-la vivenda ou de usa-lo local por contar con calquera dos servicios de suministro de auga, enerxía eléctrica ou alcantarillado. Neste suposto a taxa devéngase e nace a obriga de contribuir o primeiro día de cada semestre natural, calquera que sexa o tempo de duración do aproveitamento dentro do exercicio

Artigo 3º.- Suxento pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares nos que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario, usufructuario ou arrendatario.

Artigo 4.º .-Base de gravame e tarifas.

1.- A cuota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles. No caso de que nun mesmo inmoble coexistan vivenda e unha ou varias actividades, pertenecentes o mesmo titular, en calquera das súas formas, a cota a pagar será o 100% do importe da tarifa correspondente a actividade de maior importe, bonificándose nun 50% as tarifas correspondentes a vivenda así como as das restantes actividades no seu caso.

2.- A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

EPIGRAFES	CUOTA/ SEMESTRE
Epigrafe 1.- Vivenda	36 €
Epigrafe 2.- Restaurantes	96 €
Epigrafe 3º.- Outros establecementos de hostelería: (Bares, Cafeterías, hostais, pensions e outros establecementos análogos), supermercados, moblerías, fabricas, 85 € almacens.	85 €
Epigrafe 4º.- Resto de establecementos non tarificados.-	72 €

Artigo 5º.- Período impositivo.

1. O período impositivo coincidirá co semestre natural e ó mesmo refirese as cotas sinaladas nas tarifas do artigo 4 desta ordenanza.

Artigo 6º.- Administración e cobranza.

1) Semestralmente formarase un padrón cos contribuíntes e cotas respectivas que se liquiden por aplicación desta ordenanza. O padrón será exposto ó público a efectos de reclamacións mediante anuncio que se publicará no BOP, no taboleiro de edictos do Concello e lugares de costume.

2) Transcorrido o prazo de exposición ó público, o Pleno da Corporación resolverá as reclamacións presentadas e aprobará definitivamente o padrón que servirá de base para os documentos cobratorios.

As baixas deberán cursarse o último día laborable do semestre natural para surtire efecto no seguinte. No caso de incumprimento desta obriga quedarán suxeitos ó pago da taxa no semestre seguinte.

As altas que se produzcan durante o semestre surtirán efecto dende a data da alta, xirándose unha liquidación por trimestres. As cotas liquidadas e non satisfeitas no período habilitado, faranse

efectivas pola vía de apremio, de conformidade coas normas do Regulamento xeral de recadación ou lexislación que o substitúa.

Artigo 7.-Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias, así como as sancións que ás mesmas correspondan estarase ó disposto nos artigos 77 ess. Da Lei xeral tributaria.

Disposición final.

A presente modificación da Ordenanza fiscal nº 5, foi aprobada polo Pleno en sesión de 10 de novembro de 2011 e entrara en vigor o dia seguinte da sua publicación no BOP e será de aplicación dende o 1 de xaneiro de 2012 permanecendo en vigor ata a súa modificación u derogación expresas

Nota Legal

Servicio de Asistencia Económica a Municipios